

PROXECTO DE ORDE do XX de xxxxxxx de 2019, pola que se da publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de Mestres, de Profesores de Ensinanza Secundaria, de Profesores Técnicos de Formación Profesional e de Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros docentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

O artigo 24 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que para a selección do persoal funcionario interino docente que imparta as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, ou norma que a substitúa, poderán ditarse normas adaptadas a súa especialidade.

O apartado segundo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (publicado no Diario Oficial de Galicia do 11 de xullo de 2017 por medio dunha Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos), establece que o nomeamento de persoal docente interino e/ou substituto dos corpos docentes que imparten ensinanzas distintas das universitarias realizarase pola seguinte prioridade: 1. Profesorado que prestou servizos como interino ou substituto, pola mesma orde en que participou ou tiña dereito a participar na elección de destino no último curso, sempre que non renunciase a unha interinidade ou substitución que se lles ofertase ou se acollesen ao previsto no punto décimo cuarto deste acordo. 2. Persoal participante nos procedementos selectivos de ingreso e acceso aos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, convocados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que non estea incluído nas listas de persoal aspirante que superou o procedemento selectivo, sempre que posúan a titulación que, para cada especialidade, determine a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e os demais requisitos exixidos para ingreso, en cada momento, no correspondente corpo.

Pola súa banda, o apartado dez establece que se unha vez realizado chamamento a todas as persoas que constan nas relacións mencionadas no punto segundo continuase resultando necesario cubrir necesidades de profesorado, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, logo de comunicación ás organizacións sindicais con presenza na mesa sectorial docente non universitaria, procederá a abrir un prazo de solicitudes, aplicarase o baremo publicado na fase de concurso do último concurso-oposición convocado e será requisito

imprescindible a acreditación de coñecementos de lingua galega a través da presentación do curso de perfeccionamento da lingua galega ou da correspondente validación ou equivalencia.

Como consecuencia da continua aparición de novas titulacións universitarias a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional realizou un amplo traballo de recompilación de todas as titulacións existentes tanto no ámbito da comunidade autónoma galega como no resto das comunidades autónomas do Estado, de aí que nos anexos desta orde se recollan todas as titulacións coas súas diferentes denominacións.

Esa continua aparición de novas titulacións universitarias fai aconsellable adaptar o catálogo de titulacións e estender a súa actualización así como homoxeneizar os requisitos de titulación para impartir docencia nas especialidades propias dos corpos de Mestres, Profesores de Ensino Secundario, Profesores Técnicos de Formación Profesional e Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas no ámbito da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a súa aplicación en todos os procedementos dos que se deriven novas incorporacións ás listas de interinidades e substitucións xestionadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Polo exposto é oportuno establecer por medio desta orde as titulacións específicas para impartir docencia nas especialidades dos corpos de Mestres, de Profesores de Ensino Secundario, de Profesores Técnicos de Formación Profesional e de Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas, polo cal a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional,

DISPÓN:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Esta orde ten por obxecto establecer as titulacións específicas para o acceso ás listas de persoas aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidade e/ou substitucións nas especialidades propias dos corpos de Mestres, de Profesores de Ensino Secundario, de Profesores Técnicos de Formación Profesional e de Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas nos centros docentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Artigo 2. Relación de titulacións específicas

1. As titulacións específicas para o acceso ás listas de persoas aspirantes a desenvolver postos docentes en réxime de interinidade e/ou substitucións son as establecidas nos anexos I, II, III e IV, para os corpos de Mestres/as, de Profesores/as de Ensino Secundario, de Profesores/as Técnicos/as de Formación Profesional e de Profesores/a de Escolas Oficiais de Idiomas, respectivamente.

2. A persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá actualizar, mediante resolución, a relación das titulacións específicas ás que se refire o apartado anterior. Esta resolución publicarase no portal de internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional www.edu.xunta.gal

Artigo 3. *Réxime de aplicación*

Os requisitos establecidos nos artigos anteriores seranlle de aplicación a todos os procedementos dos que se deriven novas incorporacións ás listas de interinidades e substitucións xestionadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que se convoquen a partir da entrada en vigor desta orde, nas que se establecerán os demais requisitos que proceda de acordo coa normativa que resulte de aplicación no momento da convocatoria.

Disposición adicional primeira. *Prioridade de titulacións en determinadas especialidades do corpo de Profesores Técnicos de Formación Profesional*

Nas especialidades 201(Cociña e Pastelería), 203 (Estética) e 218 (Peiteado), do corpo de Profesores/as Técnicos/as de Formación Profesional, establécese a aplicación da prioridade das titulacións pola orde na que aparecen recollidas no Anexo III desta orde.

Disposición adicional segunda. *Equivalencias de titulacións homologadas*

Reunirán o requisito de titulación para acceso ás listas de persoas aspirantes a desenvolver postos docentes en réxime de interinidades e/ou substitucións, as persoas que posúan unha das titulacións homologadas ás publicadas nos anexos desta orde en base ao Real decreto 1954/1994, de 30 de setembro, sobre homologación de títulos aos do Catálogo de Títulos Universitarios Oficiais, creado polo Real decreto 1947/1987, de 27 de novembro (BOE núm. 275 do 17 de novembro).

Disposición adicional terceira. *Réxime de excepcionalidades*

1. En base ao apartado dous do punto segundo do antedito Acordo do 20 de xuño de 1995 estarán exceptuadas do requisito das titulacións establecidas nesta orde as persoas participantes nos procedementos selectivos que superen a primeira proba da fase de oposición.
2. Quedan exceptuados da aplicación do cumprimento do requisito das titulacións recollidas nesta orde o persoal interino e/ou substituto que consolidara posto nas listas vixentes no momento da entrada en vigor desta orde.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Autorízase á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, ***** de 2019

A conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

Carmen Pomar Tojo

INSÍRASE NO DOG

O secretario xeral técnico

Jesús Oitaven Barcala